

Segundo o previsto na Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia, o 13 de marzo de 2025 o IGE presentou perante o Consello Galego de Estatística este proxecto técnico que quedou aprobado con data 13 de maio de 2025

# **3801-01-OE06 Explotación do directorio de empresas e unidades locais**

## **PROXECTO TÉCNICO**

### **1. Obxectivos**

O Directorio de Empresas e Unidades Locais (en diante DIRGA) é unha ferramenta estatística que contén un conxunto organizado de información sobre a identificación, localización, actividade económica e tamaño das empresas e das súas unidades locais.

A elaboración, xestión e actualización do directorio ten como principal obxectivo proporcionar un marco de referencia para a realización de enquisas por mostraxe. Ademais, debe servir para satisfacer a demanda de información sobre o tecido empresarial galego, subministrando datos básicos de identificación e clasificación, normalizados por territorio, actividade e tamaño.

Dende un punto de vista estatístico, o DIRGA, resulta ser un paso imprescindible para o bo coñecemento do tecido empresarial e a realidade económica da nosa Comunidade.

### **2. Unidades estatísticas**

O directorio inclúe dous tipos de unidades: empresa e unidade local.

**Empresa:** unidade xurídica que proporciona cobertura legal ás actividades que se realizan nun ou varios locais. As unidades xurídicas poden ser persoas físicas ou persoas xurídicas con existencia legal independente da dos seus propietarios. Rexístranse as empresas que realizan algunha actividade económica en Galicia, tanto as que teñen a súa sede social na Comunidade Autónoma como as de sede fóra.

Coa entrada en vigor do Regulamento EBS 2019/2152 da Comisión Europea e do seu Acto de Implementación 2020/1197, introducíronse cambios metodolóxicos para aproximarse á nova definición de empresa economicamente activa. Como consecuencia, o cómputo de empresas activas na explotación estatística do

Directorio de Empresas e Unidades Locais de Galicia vese alterado a partir do ano 2023, polo que os datos resultantes non son comparables cos dos anos anteriores.

**Empresa economicamente activa:** Considérase que unha unidade estatística estivo activa durante o período de referencia se, nese período, obtivo unha cifra de negocios neta positiva, tivo unha produción efectiva, tivo asalariados ou realizou inversións.

**Unidade local:** Empresa ou parte dela (taller, fábrica, oficina, mina, depósito,...) situada nun lugar delimitado tipograficamente onde se realizan actividades económicas baixo a responsabilidade do seu titular o empresa.

O Regulamento (CEE) nº 696/93 do Consello, do 15 de marzo de 1993, relativo ás unidades estatísticas de observación e análise completa esta definición cunhas notas explicativas:

No caso de que unha persoa traballe en varios lugares (para o mantemento ou a vixilancia) ou traballe no domicilio ou non teñan emprazamento fixo (transporte, construción, limpeza, actividades artísticas...) , a unidade local da que depende é o lugar desde o que recibe instrucións ou no que se organiza o traballo.

A unidade local así definida non coincide coa clásica de "establecemento". O establecemento sería unha unidade local na que estarían vinculados de modo inequívoco actividade e territorio. Poderíase entender un establecemento como unidade local "con local" fronte á unidade local "sen local" propia das actividades de profesionais ou colectivos con forte presenza de minifundismo empresarial, actividades que non se exercen nun lugar fixo e que en moitos casos teñen o domicilio particular como único referente estable para a organización da produción.

### 3. Variables

**Ano:** A data de referencia do directorio é o 1 de xaneiro.

**Actividade económica:** Produción de bens e servizos a partir da utilización de capital, materias primas e traballo.

Unha empresa pode desenvolver tres tipos de actividades: actividade principal, secundarias e auxiliares. A actividade principal distínguese das secundarias porque é

a que xera maior valor engadido bruto, mentres que as actividades auxiliares son aquelas que xeran servizos que non son vendidos no mercado e serven unicamente á unidade da que dependen (departamento de administración, servizos de transporte ou almacenamento).

Ante a dificultade que supón para as empresas o cálculo do valor engadido, considérase como actividade principal a que xera maior cifra de negocios ou, no seu defecto, a que ocupa o maior número de persoas.

No directorio, cada empresa e cada unidade local están clasificadas segundo a súa actividade principal. A codificación das actividades segue a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-93 Rev.1) ata o ano 2009. A partir do 1 de xaneiro de 2009 utilízase a CNAE-2009 aprobada polo Real Decreto 475/2007, do 13 de abril publicado no BOE o 28 de abril de 2007. No ano 2009 conviven no directorio ambas clasificacións.

O Regulamento (CEE) nº 2186/93 do Consello, de 22 de xullo de 1993, relativo á coordinación comunitaria do desenvolvemento dos rexistros de empresas utilizados con fins estatísticos establecía como optativa a inclusión das empresas cuxa actividade principal figure nas seccións A (agricultura, gandería, caza e silvicultura), B (Pesca) e L (Administración pública, defensa e seguridade social). Esta limitación do directorio afectaba a cobertura de locais noutras ramas de actividade con forte presenza do sector público (seccións M, N ou O da CNAE-93).

Ademais, o regulamento establecía que non se incluían nos rexistros de empresas os fogares:

- na medida en que a súa produción vaia destinada ao autoconsumo
- como empregadores de persoal doméstico
- na medida en que produzan servizos de arrendamento de bens inmobiliarios propios ou alugados, incluídos no grupo 70.2 da CNAE-93.

O Regulamento (CEE) nº 177/2008 do Parlamento Europeo e do consello, do 20 de febreiro de 2008 (Diario Oficial da Unión Europea do 5 de marzo de 2008) que establece un marco común para os rexistros de empresas utilizados con fins estatísticos e derroga o regulamento (CEE) nº 2186/93 do Consello, establece que nos rexistros de empresas deberanse incluír todas as empresas que exerzan unha actividade económica que contribúa ao produto interior bruto e as súas unidades locais. A partir de 2014, para acercarse ao disposto por este Regulamento,

procedeuse a incluír todas as actividades económicas salvo os fogares que empregan persoal doméstico, o autoconsumo dos fogares e os organismos extraterritoriais. Tampouco se inclúen no directorio as comunidades de propietarios.

A actividade das empresas e unidades locais clasifícase a nivel de clase (4 díxitos) da CNAE-2009 a partir do Directorio de Empresas do ano 2022, con anterioridade a actividade clasificábase a nivel de grupo (3 díxitos).

**Asalariado:** Considérase asalariado á persoa que participa na actividade económica a cambio dunha remuneración (en metálico ou en especie) ou dunha participación nos beneficios. O directorio utiliza esta información como medida de tamaño da empresa.

**Condición xurídica:** Tipo de personalidade xurídica do titular da empresa responsable da actividade. Esta variable obtense a partir do primeiro carácter do número de identificación fiscal (NIF), e as súas modalidades estaban reguladas ata o ano 2008 pola orde do 9 de xaneiro de 1989 (BOE de 13 de xaneiro de 1989) que modifica o Decreto 2423/1975. A partir de xullo de 2008 entra en vigor a orde EHA/451/2008 do 20 de febreiro que modifica estas claves.

A condición xurídica das empresas que figuran no directorio obtense a partir da primeira letra do CIF e segue os seguintes criterios dende a última modificación:

- A. Sociedades anónimas
- B. Sociedades de responsabilidade limitada
- C. Sociedades colectivas
- D. Sociedades comanditarias
- E. Comunidades de bens
- F. Sociedades cooperativas
- G. Asociacións
- J. Sociedades civís, con ou sen personalidade xurídica
- N. Entidades estranxeiras
- P. Corporacións locais
- Q. Organismos públicos
- R. Congregacións e institucións relixiosas
- S. Órganos da Administración do Estado e das Comunidades Autónomas
- U. Unións temporais de empresas
- W. Establecementos permanentes de entidades non residentes

## V. Outros tipos non definidos no resto de claves

**Demografía empresarial:** As empresas clasifícanse en:

- Altas (ano t): unidades activas que se rexistran no ano t e non estaban activas no ano t-1.
- Permanencias (ano t): unidades activas rexistradas no directorio do ano t-1.
- Baixas (ano t): unidades activas no directorio do ano t-1 que causan baixa no do ano t.

Estes conceptos, para un nivel xeográfico inferior ao global, non teñen en conta as altas e baixas debidas á mobilidade xeográfica das empresas por cambios de sede. As modificacións na localización das sedes quedan recollidas no concepto de permanencia que, para un agregado xeográfico determinado, indica as unidades activas rexistradas no directorio en anos anteriores ao ano t e que no presente ano teñen a súa sede social nese ámbito xeográfico, podendo ter unha localización diferente no ano t-1.

**Cifra neta de negocios:** Resultado que se obtén de deducir do importe das vendas de produtos, mercadorías e similares, e das prestacións de servizos correspondentes ás actividades ordinarias da empresa, o importe dos descontos e demais bonificacións sobre as vendas, así como o IVA e outros impostos directamente relacionados. O seu contido correspóndese coa suma dos importes relativos ás vendas de produtos, vendas netas de mercadorías e prestacións de servizos.

**Polígono Industrial:** ou tamén parque industrial ou parque empresarial, é un espazo territorial no que se agrupan unha serie de actividades industriais que poden ou non estar relacionadas entre sí, que se atopan nunha zona favorable que soe contar cunha serie de servizos que facilitan e favorecen o seu funcionamento.

Un polígono ou parque pode abarcar terreos en máis dun concello, polo que o límite territorial será a Comunidade Autónoma Galega.

## 4. Fontes estatísticas

A actualización anual do Directorio de empresas de Galicia realizase a través de fontes administrativas e fontes estatísticas sobre todo, aínda que tamén se usan outro tipo de axudas, unha vez comprobada a súa fiabilidade, como información de

INTERNET (páxinas web das empresas, páxinas galegas,...) ou bases de datos privadas como SABI ou INFORMA.

A relación de todas estas fontes que se utilizan na elaboración do DIRGA figuran no Anexo deste Proxecto Técnico.

## **5. Procesamento de datos**

O directorio de empresas realízase con periodicidade anual e con data de referencia o 1 de xaneiro. Esta data de referencia ven motivada polas fontes administrativas que se utilizan para a súa actualización e para homoxeneizar co resto dos directorios das Comunidades Autónomas, co DIRCE do INE e coas estatísticas europeas.

Como existen varias fontes que proporcionan distinta información pero ningunha delas é suficiente para a elaboración do directorio é necesario realizar un proceso de integración e transformación da información de orixe ata chegar a unha base de datos normalizada segundo territorio e actividade. O procedemento para chegar a esta base de datos precisa dun tratamento independente de cada fonte de entrada pois a estrutura de cada rexistro administrativo é distinta, aínda que o método é similar.

En primeiro lugar realízase unha análise interna dos ficheiros para detectar posibles erros, seleccionar a información necesaria para a elaboración do directorio e asignar unha primeira demografía (interna porque deriva dos propios ficheiros) ás empresas. Na última fase do directorio, comparárase o resultado obtido na análise interna co directorio do ano anterior para determinar a demografía definitiva das empresas.

A actualización do Directorio de Empresas e Unidades Locais ten como obxectivo manter a información precisa e acordo á realidade do período de referencia. Neste proceso lévanse a cabo tres accións principais:

- Engadir aquelas novas entidades (empresas ou locais) que deberían formar parte do directorio pero aínda non están rexistradas.
- Excluir aquelas unidades que xa non deben constar no directorio, xa sexa por cesamento da súa actividade, por non cumprir os requisitos de inclusión, por duplicidades ou por erros de rexistro.

- Revisar e corrixir os datos das entidades xa rexistradas, garantindo que reflectan posibles cambios acontecidos, corrixindo información desactualizada ou errónea, sempre que isto non supoña a súa eliminación.

Para a determinación das altas e baixas de empresas, faise unha análise interna das fontes consistente en determinar a súa demografía interna (a derivada das propias fontes). Esta demografía interna fíxase ou ben a partir das datas de inicio e cese dos rexistros da propia fonte (se a fonte conta con esta información) ou ben por comparación cos rexistros da mesma fonte no ano anterior.

As unidades a incluír ou excluír finalmente no DIRGA teñen en conta a información das distintas fontes e os períodos de referencia, para determinar as empresas economicamente activas que se deben incluír na data de referencia do directorio.

Antes de incorporar información ao Directorio, e dado que esta procede de varias fontes, é necesario facer un traballo previo de depuración para a harmonización de conceptos, definicións, unidades, e a codificación de variables (actividade, concello, etc.) para adecuar a información ao establecido no DIRGA.

PRINCIPAIS FONTES ADMINISTRATIVAS:

### **Análise do ficheiro de afiliacións por conta propia á Seguridade Social**

Normativa que regula a fonte:

- Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, por e que se aprueba el texto refundido de la Ley General de la Seguridad Social
- Real Decreto 665/2024, de 9 de julio, por el que se modifica el Reglamento General sobre Cotización y Liquidación de otros Derechos de la Seguridad Social, aprobado por el Real Decreto 2064/1995, de 22 de diciembre

A afiliación é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que se poidan producir con posterioridade. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral (alta inicial) e se dá de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social. No caso de que cese a súa actividade será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de

baixa laboral. Se retoma a actividade producirase unha alta denominada alta sucesiva a efectos estatísticos pero non terá que afiliarse de novo.

O ficheiro de afiliacións que remite a Tesourería incluía, ata o ano 2021, os traballadores por conta allea adscritos a unha conta de cotización da Comunidade Autónoma de Galicia e traballadores por conta propia cuxo domicilio radica en Galicia (con unidade de xestión na comunidade autónoma). A partir do ano 2021 tamén se inclúen afiliacións en alta de persoas vinculadas a unha conta de cotización de fóra de Galicia con residencia na CC.AA. Para o Directorio de Empresas e Unidades Locais do ano x, utilízase o ficheiro de afiliacións á Seguridade Social por conta propia que están de alta a último día do ano x-1.

Este ficheiro dispón da seguinte información útil para o directorio:

NA	Número de afiliación á SS
IPF	Identificador de persoa física
NAPNOM	Normalización do nome
APNOM	Apelidos e nome da persoa afiliada
SEX	Sexo da persoa afiliada
FNAC	Data de nacemento da persoa afiliada
NACION	Código de nacionalidade da persoa afiliada
NDPF	Normalización do domicilio da persoa afiliada
DOMICILIO	Domicilio da persoa afiliada
NDR	Normalización do domicilio de actividade
DOMIREG	Domicilio de actividade
TESORERIA	Tesourería, unidade de xestión
REGIMEN	Réxime de afiliación
FALTA	Data de alta
CNAE2009	Código de actividade segundo a CNAE 2009
SETA	Autónomos do réxime especial agrario
RELACION	Relación con outras entidades
COLEGIO	Colexio profesional

NIF_CLIENTE	NIF empresa cliente
-------------	---------------------

O campo "domicilio" considérase como domicilio social ou fiscal do traballador por conta propia, mentres que o campo "domireg", ofrece información sobre o domicilio onde o traballador por conta propia desenvolve a súa actividade.

O campo "relacion" é unha clave que recolle a relación con outras entidades ou autónomos e pode tomar os seguintes valores:

- 01 - Socio de empresa colectiva
- 02 - Membro do órgano de administración de sociedades mercantís capitalistas
- 03 - Familiar de socio de sociedade mercantil capitalista
- 04 - Familiar colaborador de titular de explotación
- 05 - Institucións relixiosas
- 06 - Colexio profesional
- 07 - TRADE: traballadores autónomos economicamente dependentes
- 08 - Familiar colaborador bonificado
- 99 - Sen relación con outras institucións ou outros autónomos

Na Ley 20/2007, de 11 de julio, del Estatuto del Trabajador Autónomo, no artigo 11.1 defínense os traballadores autónomos economicamente dependentes como aqueles que realizan unha actividade económica ou profesional a título lucrativo e de modo habitual, persoal, directa e predominante para unha persoa física ou xurídica, denominada cliente, do que depende economicamente por percibir del, polo menos, o 75% dos seus ingresos por rendementos do traballo e de actividades económicas ou profesionais.

O campo "relacion" ven cuberto para o réxime 0521 (Régime Especial de Autónomos). Se a clave é 07 (TRADE) proporciónase tamén o NIF da empresa cliente ("nif\_cliente"), se a clave é 06 proporciónase, ademáis, o colexio profesional e se a clave é 01, 02 ou 03 engádese tamén o NIF da empresa, se existe anotado na base de datos da SS.

Este campo "relacion" é importante para determinar, salvo información ao contrario doutras fontes, se un traballador por conta propia debe ser incluído como empresa no directorio ou non. No caso particular dos traballadores TRADE exclúense como

empresa do directorio de empresas e inclúense como traballadores da empresa que figura no campo "NIF\_cliente".

Como método xeral, cada ano engádense ao Directorio de Empresas, nun principio, todas os afiliados por conta propia que non figurasen no Directorio de Empresas do ano anterior, con campo "relacion" igual a 99 ou 06. Todas estas empresas inclúense nun primeiro momento cos datos de localización e actividade que figuran no ficheiro de afiliados por conta propia da SS.

Por outro lado danse de baixa, nun principio, as persoas físicas do directorio que, figurando no ficheiro de traballadores por conta propia do ano anterior, non figuren en situación de alta no ficheiro a data 1 de xaneiro do ano en estudo.

### **Análise do ficheiro de constitucións, extincións e fusións da explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)**

As unidades de análise son as sociedades mercantís que presentan os datos no Rexistro Mercantil de cada provincia galega.

O BORME se encontra regulado polo Real Decreto 1784/1996, de 19 de julio, por el que se aprueba el Reglamento del Registro Mercantil, e a súa edición electrónica ríxese polo Real Decreto 1979/2008, de 28 de noviembre. No seguinte artigo do Código de Comercio de España regúlanse os actos que se deben incluír no Rexistro Mercantil :

Artigo 22. 2. Na folla aberta ás sociedades mercantís e demais entidades a que se refire o artigo 16 inscribíranse o acto constitutivo e as súas modificacións. A rescisión, disolución, reactivación, transformación, fusión ou escisión da entidade, a creación de sucursais, o nomeamento e cese de administradores, liquidadores e auditores, os poderes xerais, a emisión de obrigacións ou outros valores negociables agrupados en emisións cando a entidade inscrita puidera emitilos de conformidade coa lei, e cales queira outras circunstancias que determinen as leis ou o Regulamento

Para o Directorio de Empresas úsase a información da explotación do BORME relativa ás constitucións, extincións e fusións de empresas, onde figura o nome da

empresa e a data do acto. É necesario facer un traballo de asignación do NIF ás empresas posto que non se publica no BORME.

No Directorio de empresas do ano x incorpóranse como baixa todas as extincións que teñan data do acto durante o ano x-1. A súa vez, incorpóranse como altas as empresas constituídas durante o ano x-1. Posteriormente, e en base a outras fontes, debe determinarse se esas empresas están economicamente activas na data de referencia do directorio de empresas, ou deben excluírse do directorio.

Como o BORME non recolle os datos de localización e actividade (CNAE a 4 díxitos) da empresa necesarios para elaborar o Directorio, deben obterse cruzando con outras fontes de información, maiormente o SABI, que contén (entre outras) a información das empresas inscritas no Rexistro Mercantil.

### **Análise do ficheiro de contas de cotización da Seguridade Social**

Normativa que regula a fonte:

- Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley General de la Seguridad Social
- Real Decreto 665/2024, de 9 de julio, por el que se modifica el Reglamento General sobre Cotización y Liquidación de otros Derechos de la Seguridad Social, aprobado por el Real Decreto 2064/1995, de 22 de diciembre

Están obrigados a inscribirse neste ficheiro toda persoa física ou xurídica, pública ou privada, por cuxa conta traballen as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social. O empresario que por primeira vez vaia contratar traballadores, deberá solicitar a súa inscrición como empresa antes do inicio da actividade, na Administración da Tesorería General de la Seguridad Social máis próxima ao seu domicilio.

A Tesorería Xeral da Seguridade Social asigna aos empresarios e outros suxeitos responsables do pagamento de cotas ao Sistema da Seguridade Social o código da conta de cotización. Cada empresa pode ter un ou varios códigos pero só hai un principal e os demais (secundarios) están vinculados ao principal. Unha mesma empresa debe ter unha conta de cotización por cada provincia onde teña actividade,

régime (ou sistema especial dentro do réxime) onde se encadren os seus empregados e tipo de relación laboral ao que correspondan ditos empregados. Os códigos de conta de cotización non identifican necesariamente aos centros de traballo.

Ata o ano 2021 a Seguridade Social enviaba exclusivamente as contas de cotización de alta en Galicia, a partir dese ano remite ademais as contas de cotización de fóra de Galicia nas que figuran inscritos afiliados/as con residencia en Galicia.

Para a elaboración do DIRGA escóllense do ficheiro de contas de cotización as empresas que teñen conta de cotización en Galicia, que figuran de alta o último día do ano x-1.

No ficheiro de contas de cotización á Seguridade Social dispónse da seguinte información útil para o directorio:

CCOT	Código conta de cotización
CCCP	Código conta de cotización principal
IDENT	Contén o CIF
RAZON	Nome da empresa
DOMICILIO	Enderezo da conta de cotización
COLOC	Código de provincia e concello
LOCALIDAD	Nome do concello
CODPOS	Código postal
ACTIV	Código CNAE-09
NUMTR	Número de asalariados
ALTA	Data de alta
SIT	Situación da actividade
SITUA	Data de situación

A conta de cotización é única por provincia, actividade e tipo de contrato. Cada unha destas posibles combinacións dá lugar a un rexistro, polo tanto hai que realizar unha análise tanto interna como externa do ficheiro.

Primeiro determínanse as empresas que deben entrar no directorio e, posteriormente, estúdase a localización e actividade.

O ficheiro de contas de cotización non permite dar baixas de empresas. Que unha empresa non figure neste ficheiro ou figure como baixa só indica que a empresa non ten traballadores inscritos na SS.

A partir do ficheiro de CCOT e doutras fontes, maiormente enquisas directas, obtense o emprego asalariado das empresas que se inclúen no DIRGA.

### **Análise do ficheiro de apertura de centros de traballo**

A comunicación da apertura de centros de traballo regúlase en Galicia pola seguinte normativa:

- Estatal:
  - Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, por el que se establecen disposiciones mínimas de seguridad y de salud en las obras de construcción (BOE nº 256 del 25 de octubre de 1997).
  - Orden TIN/1071/2010, de 27 de abril, sobre los requisitos y datos que deben reunir las comunicaciones de apertura o de reanudación de actividades en los centros de trabajo (BOE nº 106 del 1 de mayo de 2010).
- Galega:
  - Orde do 1 de xuño de 2016 pola que se aproba e se dá publicidade do modelo de comunicación de apertura ou reanudación da actividade de centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 131 do 12 de xullo de 2016).

O obxecto do procedemento é a comunicación de apertura dun centro de traballo ou de reanudación da actividade despois de efectuar alteracións, ampliacións ou transformacións de importancia. A comunicación de apertura ou de reanudación da

actividade debe efectuarse polo empresario, previamente, ou dentro dos trinta días seguintes ao feito que a motiva.

O ficheiro proporcionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración refírese a todas as aperturas de centros durante o ano anterior ao de referencia do DIRGA e recolle a seguinte información:

NIF_EMPRESA	CIF da empresa
NOME_EMPRESA	Nome da empresa
ENDEREZO	Enderezo do centro de traballo
LOCALIDADE	Localidade do centro de traballo
CP	Código postal do centro de traballo
TELEFONO	Teléfono
FAX	Fax
ACTIV	Código CNAE-09 a 2 díxitos
COMEZO_ACT	Comezo da actividade
TRABALLADORES	Número de persoas traballadoras ocupadas no centro de traballo (Homes)
TRABALLADORAS	Número de persoas traballadoras ocupadas no centro de traballo (Mulleres)

O ficheiro de aperturas de centros de traballo presenta a limitación de que non inclúe as apertura de centros que non teñen traballadores por conta allea. Ademais, polo obxecto do propio procedemento, só recolle as altas de centros de traballo, pero non as baixas.

Este ficheiro permite obter información sobre altas de locais para o DIRGA, así como o reparto de emprego por local. Á hora de incorporar a información ao DIRGA a partir deste ficheiro debe contrastarse a información con outras fontes. Unha empresa pode comunicar a alta dun centro de traballo ao longo do ano x-1, e non ter actividade na data 1 de xaneiro do ano de referencia.

## **Determinación das unidades locais**

Unha vez seleccionadas as empresas que, nun principio, deben entrar no directorio, deben determinarse as unidades locais desas empresas en Galicia. Ata este momento da elaboración do directorio o proceso é practicamente automático. A partir de aquí iníciase unha ardua tarefa de depuración (en grande parte manual) de enderezos, asignación de actividade e selección da información necesaria para a elaboración do directorio de unidades locais.

O enderezo das unidades locais conséguese a través de diversos rexistros administrativos xerais como afiliación á SS, contas de cotización, rexistro de apertura de centros de traballo e rexistros administrativos sectoriais, de enquisas específicas ou nas webs das empresas. Tamén se realiza un contraste de información co DIRCE do INE. Nun mesmo enderezo unha empresa pode realizar varias actividades, polo tanto para as unidades locais tamén hai que determinar a actividade principal.

Todas as empresas que se inclúen no directorio deben ter como mínimo unha unidade local en Galicia, e a actividade principal da empresa (en Galicia) debe coincidir coa de polo menos unha unidade local. Estes criterios obrigan a revisar tamén de forma manual moitas empresas.

Unha unidade local identifícase cun enderezo, polo tanto un local dunha empresa seguirá sendo o mesmo cando manteña a súa localización (aínda que se modifiquen outras variables como a actividade). Se a localización se traslada a outro concello ou outro enderezo dentro do mesmo concello, isto dará lugar a unha baixa do local inicial e un alta dun novo local.

A incorporación da información das unidades locais é especialmente complicada por mor de que non existe nas fontes un identificador único do local. Para as fontes administrativas utilizadas habitualmente, se a fonte empregada non dispón da data de inicio e cese nos rexistros para determinar as modificacións no DIRGA, faise primeiro unha comparación de enderezos para determinar as altas e baixas de locais do rexistro respecto a si mesmo, e despois vólvese facer unha comparación de enderezos cos locais do DIRGA para determinar se eses locais deben ser engadidos

ou eliminados do directorio de unidades locais. Para a comparación de enderezos utilízanse técnicas de Record Linkage e funcións de distancia de caracteres, posto que un mesmo enderezo pode estar escrito de distintas maneiras.

Revísanse manualmente as modificacións nos locais de empresas que teñen máis de 5 asalariados ou varios locais, comparando as modificacións con información de rexistros sectoriais, datos da web da empresa, enquisa directa á empresa, etc.

### **Asignación da actividade principal da empresa**

O primeiro paso é asignar a actividade ás empresas das que podemos obtela automaticamente:

1. Por actividade única. Ás empresas que realizan unha única actividade, asígnaselle directamente esta actividade.
2. Permanencias. Cando unha empresa realiza nos locais as mesmas actividades que no ano anterior, mantense a mesma actividade principal.
3. O resto de empresas revísanse manualmente.

A actividade revísase coas enquisas do INE (Encuesta Estructural de Empresas, Encuesta Industrial de Productos, ...), as enquisas do IGE, enquisa directa e mediante as labores específicas de depuración do directorio.

Como resultado dos pasos anteriores, temos diferentes situacións:

1. Altas clasificadas automaticamente: empresas que son alta e que soamente realizan unha única actividade nunha única unidade local que está perfectamente especificada.
2. Altas sen actividade para depurar manualmente: empresas que son alta e que non se pode determinar automaticamente a súa actividade principal.
3. Permanencias puras: empresas que non sufriron ningunha modificación respecto do ano anterior. Neste caso incorpórase directamente a información do directorio do ano anterior.
4. Permanencias con cambios que se poden realizar automaticamente por realizar unha única actividade nun único local perfectamente especificado.

5. Permanencias con cambios, con actividade para depurar manualmente: empresas que xa estaban no directorio anterior e que non se pode determinar a súa actividade principal automaticamente.

6. Baixas: empresas que cesaron a súa actividade en Galicia

Destas bases de datos, obteríanse directamente a actividade principal da empresa e as unidades locais nos casos 1, 3 e 4.

Os casos 2 e 5 necesitan unha revisión manual.

Cando resulta necesario, realízanse depuracións de determinadas ramas de actividade a través do Servizo de traballos de campo do IGE ou mediante a contratación de empresas externas.

### **Determinación do tamaño da empresa**

A fonte principal para a obtención do número de traballadores é o ficheiro de contas de cotización á Seguridade Social. Para cada empresa súmanse todos os asalariados das súas contas de cotización excepto os empregados domésticos (contas de cotización con CNAE 9700) das persoas físicas.

A variable "total\_asalariados" proporciona o número de asalariados de cada empresa na data de referencia do directorio (1 de xaneiro). A partir do directorio do ano 2013 incorpórase tamén as cifras de asalariados a outros momentos do ano, obtidas a partir dos ficheiros trimestrais de contas de cotización da SS, co fin de que os posibles usuarios do directorio dispoñan de información máis completa do tamaño real da empresa que pode variar sensiblemente por trimestres nas actividades estacionais.

Os traballadores autónomos economicamente dependentes (TRADE), que son autónomos que en realidade traballan para un cliente do que perciben polo menos o 75% dos seus ingresos de traballo, elimínanse do directorio de empresas como autónomos e súmanse como traballadores da súa empresa cliente.

Para as empresas que non figuran neste ficheiro inténtase completar esta información a través doutras fontes como as enquisas das que se dispón e o rexistro

mercantil (este rexistro tamén é a fonte empregada para a obtención da cifra de negocios).

### **Determinación do tamaño das unidades locais**

A partir do directorio do ano 2014 introduciuse o número de asalariados por unidade local.

O número de asalariados a repartir entre as unidades locais dunha empresa é o número de asalariados asignado a esa empresa a partir, na súa maior parte, das contas de cotización da SS. Tómase, por tanto, ese ficheiro da SS como base para facer o reparto do emprego.

Establécense tres niveis de reparto en cada unidade local: asalariados obtidos por enquisas (asal\_enq), asalariados obtidos no proceso de depuración do directorio (asal\_dep) e asalariados asignados automaticamente a partir das contas de cotización (asal\_aut). Os asalariados asignados definitivamente á unidade local seguen a seguinte orde de preferencia: asal\_enq, asal\_dep e asal\_aut.

Os asalariados que se imputan durante a fase de depuración manual do directorio, son calculados seguindo diferentes criterios e usando distintos tipos de información. Nas unidades locais de empresas depuradas coa Encuesta Estructural de Empresas do INE os asalariados repártense segundo a información proporcionada por esta enquisa sempre que se desagregaran. Para as altas de locais úsase o ficheiro de apertura de centros de traballo. Noutros casos úsase información atopada por internet, ou mediante a variable auxiliar do tamaño da unidade local en actividades comerciais ou ben usando criterios parecidos aos que se utiliza para a asignación automática a partir das contas de cotización. En moitos casos repártese o emprego proporcionalmente a como se fixo en directorios anteriores.

O procedemento de asignación automática de asalariados elaborouse tendo en conta que a única información dispoñible son as contas de cotización da SS e prestando atención á definición deste concepto. Unha empresa (en teoría) ten unha

conta de cotización por provincia, actividade e tipo de contrato. No entanto, observamos casos na SS onde se distingue tamén o concello.

Decidimos establecer varios niveis en cada combinación nif\_provincia onde se van comparando as unidades locais e as contas de cotización.

O método de asignación consiste en repartir o emprego da SS entre as unidades locais correspondentes segundo o nivel de asignación. Un problema que xorde a calquera nivel é que o número de asalariados que se debe repartir non ten porqué ser divisible polo número de unidades locais. Como non hai ningún criterio xeral a priori que nos permita distinguir que unidade local pode ter máis asalariados, en calquera nivel de asignación adoptamos a norma de ir repartindo ese resto entre as unidades locais correspondentes a ese nivel segundo a orde do identificador da unidade local ata esgotalo.

Para a asignación do emprego por unidades locais para as grandes empresas (por tamaño de empregados) ou para aquelas empresas con moitas unidades locais de difícil reparto, realízanse enquisas específicas.

### **Resto de variables do directorio**

Outras variables existentes no directorio como teléfono, Fax, correo electrónico, nome comercial... proceden das enquisas, da información proporcionada directamente polas empresas, da información do Rexistro Mercantil e da información atopada por internet.

Incorpóranse tamén datos sobre a data de inicio da actividade da empresa, o último ano de alta no directorio, para as baixas a causa da baixa e, por último, datos da matriz doméstica e matriz global se a empresa pertence a un grupo de empresas. Esta última información obtense a partir dos datos do Rexistro Mercantil.

## **Análise externa. Demografía do directorio**

Consiste en contrastar os resultados obtidos despois de todos os procesos, co directorio do ano anterior. Téñense en conta os posibles cambios na letra do NIF das empresas e os cambios no documento identificativo dos estranxeiros (cambios de NIE a NIF). As posibles situacións son:

- Altas: empresas que non figuran no directorio do ano anterior e deben incluírse no Directorio de Empresas segundo as fontes empregadas.
- Baixas: empresas que figurando no directorio do ano anterior son baixa ou deben ser excluídas do directorio segundo a información derivada das fontes. A partir do directorio do 2023 inclúense como baixas as empresas economicamente inactivas.
- Permanencias: empresas que figuraban no directorio do ano anterior e se manteñen economicamente activas.

Unha vez asignada a demografía definitiva, seleccionando as altas e permanencias temos o conxunto de empresas que forman parte do directorio de empresas. A suma das permanencias e baixas debe coincidir co número de empresas incluídas no directorio do ano anterior.

## **6. Estrutura dos directorios de empresas e unidades locais**

A base de datos definitiva do directorio de empresas ten a estrutura que segue:

NIF	Número de Identificación Fiscal
Razón	Nome da empresa
Prov	Código da provincia
Cod_concello	Código do concello
Concello	Nome do concello
Tvia	Tipo de vía
Vía	Nome da vía
Km	Punto quilométrico
Nvia	Número de vía
Piso	Piso

CP	Código postal
Latitude	Latitude da xeolocalización do enderezo da empresa
Lonxitude	Lonxitude da xeolocalización do enderezo da empresa
Telefono	Teléfono da empresa
Fax	Fax da empresa
Email	Correo electrónico da empresa
CNAE_empresa	Código da actividade principal da empresa a 4 díxitos da CNAE_09
Demografía_empresarial	A, P
Fonte	SS, ENQUISAS, REXISTROS
Total_asalariados	Número de asalariados
Fonte_emprego	Fonte de información do dato de emprego
Estrato_asalariados	Estrato de asalariados
CN	Cifra neta de negocios
Data_inicio	Data de constitución da empresa ou, no seu defecto data de alta máis antiga nos rexistros (SS e BORME).
AnoAlta	Último ano de alta no directorio de empresas
AnoRev	Último ano en que esa empresa se revisou
FonteRev	Fonte de revisión desa empresa (no último ano en que se revisou)
Enquisa	Indica se ese ano a empresa formou parte dunha enquisa do IGE
NIF_Matriz_Domestica	NIF da matriz doméstica se a empresa forma parte dun grupo
Nome_Matriz_Domestica	Nome da matriz doméstica se a empresa forma parte dun grupo
Id_Matriz_Global	Identificador da matriz global se a empresa forma parte dun grupo
Nome_Matriz_Global	Nome da matriz global se a empresa forma parte dun grupo
Pais_Matriz_Global	País da matriz global se a empresa forma parte dun grupo

O directorio de unidades locais consta das seguintes variables:

NIF	CIF da empresa
NIF_unidade_local	Cadea de caracteres composta polo CIF da empresa máis un número que identifica a unidade local
Prov	Código da provincia
Cod_concello	Código do concello
Concello	Nome do concello
Tvia	Tipo de vía
Vía	Nome da vía
km	Punto quilométrico
Nvia	Número de vía
Piso	Piso
CP	Código postal
Latitude	Latitude da xeolocalización do enderezo do local
Lonxitude	Lonxitude da xeolocalización do enderezo do local
CNAE_establecemento	Código da actividade principal da unidade local a 4 díxitos da CNAE_09
Asal_dep	Asalariados obtidos da depuración manual
Asal_aut	Asalariados obtidos da depuración automática
Asal_enq	Asalariados obtidos a partir de enquisas
Asalariados	Asalariados asignados definitivamente

## 7. Bases de datos complementarias

Paralelamente ao directorio mantéñense varias bases de datos complementarias que permiten estudar a evolución das empresas:

- Histórico de altas. Contén o total de empresas que formaron parte do directorio de empresas dende o ano 1999, cos seus anos de alta no directorio.

Hai que ter en conta que unha empresa pode darse de alta e de baixa en distintos anos, segundo exerza unha actividade económica ou non.

- Histórico de baixas. Contén o total de empresas que se deron de baixa no directorio dende o ano 2000, cos seus anos de baixa, causas de baixa codificadas e fontes de baixa.
- Mapa de NIF. Permite, para cada ano, detectar os cambios de letra de NIF das empresas respecto ao ano anterior e respecto das distintas fontes, ademais de fixar o NIF correcto da empresa. Esta base de datos cobra importancia a partir do ano 2008 como consecuencia da Orden EHA/451/2008, do 20 de febreiro, pola que se regula a composición do NIF das persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica, que provocou a reorganización dos tipos de forma xurídica e clase de entidade e moitos cambios no NIF das empresas.

## **8. Novos directorios, seccións A e O da CNAE**

Ata o ano 2014 non se incluían no DIRGA as seccións A e O da CNAE.

O Regulamento (CEE) nº 177/2008 do Parlamento Europeo e do consello, do 20 de febreiro de 2008 (Diario Oficial da Unión Europea do 5 de marzo de 2008) que establece un marco común para os rexistros de empresas utilizados con fins estatísticos e derroga o regulamento (CEE) nº 2186/93 do Consello, establece que nos rexistros de empresas deberanse incluír todas as empresas que exerzan unha actividade económica que contribúa ao produto interior bruto e as súas unidades locais.

A partir do ano 2014 inclúese na publicación do DIRGA, as empresas con actividade principal nas seguintes seccións:

- A : agricultura, gandería , caza, silvicultura e pesca
- O : administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria

Para o 2012 formulouse unha primeira aproximación ao que podería ser un directorio que recollera, polo menos, as actividades de agricultura, silvicultura, pesca e administración pública, elaborada a partir dos ficheiros da SS: afiliacións e contas de cotización. Esta primeira aproximación debía servir primeiro para tomar nota das

dificultades que se presentan e servir de comparación co DIRCE do INE para ver as empresas que poida recoller o INE e que a nós se nos escapan pola natureza das fontes empregadas.

A partir do ano 2014 recíbese anualmente da consellería responsable do Mar os directorios de buques e establecementos de acuicultura mariña (xunto cos seus titulares) e os permisos de marisqueo a pé. Nos últimos anos a consellería responsable de Medio Rural tamén cede regularmente o Rexistro de explotacións agrarias prioritarias e outra información do REAGA (Rexistro de explotacións agrarias de Galicia) para poder así ampliar as fontes que nutren e son imprescindibles para a boa xestión do directorio.

Os procedementos para elaborar estes directorios é diferente ao procedemento xeral pola natureza das fontes utilizadas. Ademais no directorio de unidades locais non se inclúen as unidades locais destas seccións (A e O) da CNAE.

### **Procedemento de elaboración do Directorio de pesca**

Durante o 2015 elabórase por primeira vez o Directorio de pesca e acuicultura, con data de referencia 1 de xaneiro de 2014, a partir da SS e das bases de datos remitidas pola Consellería.

A parte procedente da SS elabórase a partir das:

- Contas de cotización de actividade 03 na CNAE03, que estean activas e que non sexan organismos públicos
- Autónomos da pesca (réxime 0521), coa actividade 03 da CNAE03
- Selección de afiliados ao réxime 0825 do Mar por conta propia.

A partir destes ficheiros da SS non é posible dispoñer das empresas que non teñan asalariados.

A Consellería remite os seguintes rexistros:

- Rexistro de Buques da Comunidade Autónoma de Galicia

Os armadores ou propietarios dun buque que teñan o seu porto base na Comunidade Autónoma de Galicia, incluído nas listas 3ª e 4ª do Rexistro de Matrícula de Buques, teñen a obriga de instar a inscrición no Rexistro de Buques da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, se xa teñen inscrito o buque no Rexistro, e se producen variacións nos datos que constan no mesmo, debe comunicar e acreditar ditos cambios.

A principal normativa autonómica que regula a inscrición do Rexistro de Buques de Galicia é a seguinte:

- Orden de 8 de maio de 2002 pola que se actualiza o Rexistro de Buques da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen normas sobre a súa xestión e control
- Decreto 97/2005, de 14 de abril, polo que se regula o Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia
- Lei 6/2009, de 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia

- Rexistro de establecementos de acuicultura

- Decreto 406/1996, de 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia
- Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia
- Lei 6/2009, de 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia

- Rexistro de permisos de marisqueo a pé ( en diante PMP)

- Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia
- Lei 6/2009, de 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia
- Decreto 114/2007, de 31 de maio, de modificación do Decreto 425/1993, de 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira

- Orde de 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé
- Orde de 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito de la Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 153/2019, de 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas

O ficheiro enviado pola Consellería contén a seguinte información:

- Rexistro de buques de Galicia (en diante RBG): código do buque, porto base, data de entrada en servizo, lista a que pertence, taxa de rexistro bruto (TRB), matrícula e folio, artes e outros
- Rexistro de titulares de buques (RBG- Titulares): para cada buque identificación e contacto dos armadores
- Bateas: código, nome, distrito, polígono e cuadrícula e data de inicio
- Bateas\_titulares: datos de identificación e contacto dos titulares por batea
- Outros viveiros: código, nome, distrito, polígono e cuadrícula e data de inicio
- Outros viveiros\_titulares: datos de identificación e contacto dos titulares por viveiro
- Parques de cultivo: código, enderezo e data de inicio
- Parques\_titulares: datos de identificación e contacto dos titulares por parque
- Resto (granxas e criadeiras mariños): código, enderezo e data de inicio
- Resto\_titulares: datos de identificación e contacto dos titulares por establecemento
- PMP: datos de identificación e contacto dos titulares con permiso de explotación de marisqueo a pé.

Para a elaboración do directorio definitivo, intégranse as táboas nunha soa, xerando un campo fonte que nos permita saber de que ficheiro provén. Asignámoslle a CNAE segundo da folla do libro da que proceda.

- No caso dos buques:
  - Se é da lista 3ª, asígnaselle a CNAE de pesca 0311
  - Se é da lista 4ª e ten algunha instalación de acuicultura, a CNAE será acuicultura mariña 0321

- Se é da lista 4ª e non ten instalación de acuicultura, asígnaselle 0311, CNAE da pesca
- Aos titulares de bateas, parques e outros viveiros asígnaselles actividade de acuicultura mariña 0321
- Os mariscadores a pé son clasificados na actividade de pesca 0311

Na elaboración da base de datos final ou táboa de unión, seleccionamos os rexistros que deben ser incluídos dende as bases de datos previamente elaboradas coa información da Seguridade Social e da Consellería.

Ao final do proceso, contrástase o ficheiro resultante co resto do directorio de empresas, por se están duplicadas e debe determinarse a actividade principal coa que entran definitivamente no Directorio de Empresas.

### **Procedemento de elaboración do Directorio de Agricultura, Gandería e Silvicultura**

Durante o 2015 elabórase por primeira vez o Directorio de Agricultura, Gandería e Silvicultura (ramas 01 e 02 da CNAE-09), con data de referencia 1 de xaneiro de 2014.

O Directorio de empresas de Agricultura, Gandería e Silvicultura elabórase a partir das seguintes fontes:

- Contas de cotización da SS. Escóllense as CNAES 01 e 02
- Afiliacións á SS. Escóllense os traballadores autónomos (réxime 0521) con CNAE 01 e 02 (a maioría destes incluídos no Sistema Especial para Traballadores por Conta Propia Agrarios (SETA)).

Pola Ley 18/2007, de 4 de julio, establécese, dentro do Réxime Especial dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, e con efectos dende 1 de xaneiro de 2008, o Sistema Especial para Traballadores por Conta Propia Agrarios, no que quedan incluídos os traballadores por conta propia agrarios, maiores de 18 anos. O artigo 324 do texto refundido da Ley General de la Seguridad Social establece os seguintes requisitos de inclusión:

- Ser titulares dunha explotación agraria e obter, polo menos, o 50% da súa renda total da realización de actividades agrarias ou outras complementarias, e que esa parte da renda proceda directamente da actividade agraria realizada na súa explotación e non sexa inferior ao 25% da renda total.
- O tempo de traballo dedicado ás actividades agrarias debe ser superior á metade do seu tempo de traballo total.
- Que os rendementos anuais netos obtidos da explotación agraria por cada titular da mesma non superen a cuantía equivalente ao 75% do importe, en cómputo anual, da base máxima de cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social vixente no exercicio en que se proceda a súa comprobación
- A realización de labores agrarias, aínda cando ocupen traballadores por conta allea, sempre que non se trate de máis de dous traballadores que coticen coa modalidade de bases mensuais ou, de tratarse de traballadores que coticen coa modalidade do artigo 255, que o número total de xornadas reais efectivamente realizadas non supere as 546 nun ano, computados desde el 1 de xaneiro ao 31 de decembro de cada ano.

- Información remitida con regularidade pola Consellería de Medio Rural: Rexistro de Explotacións Agrarias Prioritarias, Rexistro de Bovino e información sobre altas, baixas e modificación no Rexistro de empresas do sector forestal.

O Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA) organízase nas seguintes seccións:

- a) Explotacións Agrarias Prioritarias.
- b) Explotacións Agrarias de Titularidade Compartida.
- c) Outras Explotacións Agrarias.

O Rexistro de Explotacións Agrarias Prioritarias regúlase pola seguinte normativa autonómica:

- Decreto 253/2008, de 30 de outubro, polo que se crea e regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as disposicións para a xestión do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, creado

polo Decreto 253/2008, do 30 de outubro, e para a calificación e a acreditación das explotacións agrarias prioritarias.

- Decreto 200/2012, de 4 de outubro, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

Para que poida ser calificada como prioritaria unha explotación agraria, deberá posibilitar a ocupación, polo menos, dunha unidade de traballo agrario (UTA) e que a súa renda unitaria de traballo sexa igual ou superior ao 35 % da renda de referencia e inferior ao 120 %, sen prexuízo do establecido no artigo 19 ("Explotacións prioritarias en zonas de montaña").

Os ficheiros remitidos pola Consellería para as explotacións agrarias prioritarias son os seguintes:

- Datos xerais das explotacións agrarias prioritarias: contén os datos de identificación e enderezo dos titulares das explotacións e código REAGA da explotación.
- Datos sobre o número de animais das explotacións agrarias prioritarias: vacas de leite (distinguindo os efectivos por idade), vacas de carne (distinguindo os efectivos por idade), ovella, cabras, coellos, enxames, porcas nai, porcas de carne, aves para carne, aves poñedoras e equinos.
- Datos dos socios das explotacións agrarias prioritarias
- Datos das unidades de traballo ano (UTA) das explotacións agrarias prioritarias

O Rexistro galego de explotación de bovino regúlase pola seguinte normativa de ámbito estatal:

- Real Decreto 348/2000, de 10 de marzo, por el que se incorpora al ordenamiento jurídico la Directiva 98/58/CE, relativa a la protección de los animales en las explotaciones ganaderas (BOE nº 61 de 11 de marzo de 2000)
- Ley 8/2003, de 24 de abril, de sanidad animal (BOE nº 99 de 25 de abril de 2003)
- Real Decreto 479/2004, de 26 de marzo, por el que se establece y regula el Registro general de explotaciones ganaderas (BOE nº 89 de 13 de abril de 2004)

- Ley 32/2007, de 7 de noviembre, para el cuidado de los animales, en su explotación, transporte, experimentación y sacrificio (BOE nº 268 de 8 de noviembre de 2007)
- Real Decreto 1053/2022, de 27 de diciembre, por el que se establecen normas básicas de ordenación de las granjas bovinas. (BOE núm. 312, do 29 de diciembre de 2022)

Neste ficheiro recóllense datos da explotación de bovino (código de explotación, enderezo, nº de vacas de ordeño, nº de vacas de carne, nº de prazas de cebo, tipoloxía da explotación) e datos do titular da explotación (NIF, nome, enderezo e teléfono).

En canto ao sector forestal, utilízase o Rexistro de Empresas do Sector Forestal (RESFOR). Aparte dos datos do rexistro que se poden descargar da páxina web de Medio Rural, recíbense anualmente as altas, baixas e modificacións producidas durante o ano en estudo.

A normativa autonómica que regula o rexistro é:

- Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, que crea no seu artigo 102, o Rexistro de Empresas do Sector Forestal ( RESFOR)
- Decreto 50/2014, de 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal

No RESFOR inscríbense as cooperativas, as empresas e as industrias forestais, tanto as que realizan traballos forestais nos montes galegos como as industrias forestais con sede social na Comunidade Autónoma, incluíndo nestas as de serra, chapa, tableiros, pasta, papel, biomasa forestal, pellets, cortiza, setas, plantas aromáticas, pequenos froitos, castaña e as que fagan aproveitamento doutros recursos forestais. Os datos actualízanse permanentemente, pois son as propias empresas na súa Comunicación Anual de Datos ao RESFOR as que poden modificalos.

O RESFOR ofrece información útil para o Directorio sobre a identificación das entidades incluídas (número RESFOR, NIF, nome ou razón social), localización e contacto (endereço, teléfono, e-mail) e CNAE-09 principal e secundarias.

- Toda esta información complétase con información procedente da base de datos privada do SABI.

As empresas que entran por contas de cotización, autónomos SS e SABI entran coa actividade asignada neste rexistros. Para os autónomos e empresas das actividades agrícola e gandeira incluídos a partir dos rexistros da Consellería de Medio Rural debe asignarse a CNAE a partir doutras informacións, como a orientación técnico económica das explotacións, as unidades gandeiras de cada tipoloxía, etc.

As empresas incluídas a partir do RESFOR entran coa CNAE asignada neste rexistro.

Os asalariados das empresas asígnanse a partir das contas de cotización. Inclúense todos os asalariados (sexan de actividades agrícolas ou non), excepto o emprego doméstico.

### **Procedemento de elaboración do Directorio de Administración Pública**

Este directorio refírese á sección O da CNAE: "Administración Pública e Defensa; Seguridade Social Obrigatoria". Esta sección abarca as actividades de carácter goberamental que realiza normalmente a Administración Pública. Comprende a promulgación e a interpretación xudicial das leis e a súa posterior regulación, así como a administración de programas basados nelas, as actividades lexislativas, o sistema tributario, a defensa nacional, o orde público e a seguridade, os servizos de inmigración, os asuntos exteriores e a administración dos programas goberamentais. Esta sección comprende tamén as actividades da seguridade social obrigatoria.

Non se debe confundir a actividade incluída nesta sección co sector institucional público. Para que unha actividade pertenza a esta sección o status xurídico ou institucional non constitúe o factor determinante. As actividades clasificadas

noutros apartados da CNAE non se inclúen nesta sección aínda que sexan desempeñadas por entidades públicas. E, de xeito parecido, algunhas actividades incluídas nesta sección poden ser realizadas por unidades non gobernamentais.

O Directorio de empresas de Administración Pública actualízase todos os anos a partir das contas de cotización da SS e o emprego que se contabiliza é o desta fonte. Non dispoñemos do emprego das empresas con actividade na administración pública doutras mutuas: MUFACE, MUJEJU ou ISFAS. Debido a este factor tanto as empresas deste sector como o emprego está infraestimado.

## **9. Deseño da explotación dos datos do directorio**

A explotación do directorio de empresas ofrece información sobre:

- o número de empresas segundo o ámbito xeográfico, a condición xurídica, a actividade principal e o estrato de asalariados
- o número de unidades locais segundo o ámbito xeográfico, actividade principal e, a partir do ano 2014, o estrato de asalariados
- a demografía empresarial

A desagregación que se ofrece de cada unha das variables é:

Ámbito xeográfico: Galicia e fóra de Galicia, provincias, comarcas e concellos

Actividade principal: As empresas e as unidades locais do directorio están codificados a nivel de grupo (3 díxitos da CNAE).

Estrato de asalariados: Para a determinación dos estratos de asalariados séguense as recomendacións da Comisión europea sobre as definicións de microempresas, pequenas e medianas empresas. Segundo estas recomendacións establécense os seguintes estratos:

- Microempresa
  - Sen asalariados
  - De 1 a 2 asalariados
  - De 3 a 5 asalariados
  - De 6 a 9 asalariados
- Pequena empresa
  - De 10 a 19 asalariados

- De 20 a 49 asalariados
- Mediana empresa
  - De 50 a 99 asalariados
  - De 100 a 249 asalariados
- Gran empresa
  - De 250 ou máis asalariados

Estrato de asalariados: para determinar o tamaño da empresa, tamén se explotan os datos nos seguintes intervalos: de [0 a 2], [3 a 5], [6 a 9], [10 a 19], [20 a 49], [50 a 99], [100 a 249],[máis de 250] asalariados.

Condición xurídica: A desagregación que se presenta é:

- Persoas físicas
- Persoas xurídicas
  - Sociedades anónimas
  - Sociedades de responsabilidade limitada
  - Sociedades cooperativas
  - Outros

Demografía empresarial:

- Alta
- Permanencia
- Baixa

## **Presentación de resultados**

A presentación de resultados na páxina WEB do IGE distingue entre os principais resultados e os resultados detallados.

- Como *principais resultados* preséntanse as seguintes táboas para o último ano dispoñible:
  - Empresas con actividade en Galicia segundo sector de actividade e condición xurídica
  - Empresas con actividade en Galicia segundo estrato de asalariados

- Unidades locais en Galicia segundo a actividade principal e o estrato de asalariados
  - Demografía empresarial por provincias
  - Unidades locais en Galicia segundo sector de actividade (desagregación municipal)
- Os *resultados detallados* preséntanse en 2 grandes bloques:
- Datos para o período 1999-2014 (non inclúen o sector primario nin a administración pública). Ata o ano 2009 os datos por actividade estaban clasificados coa CNAE-93, a partir do ano 2008 ofrécense datos clasificados por actividade coa CNAE-2009 (solápanse 2 anos). As unidades locais non inclúen desagregación por estrato de asalariados porque ata o 2014 non se asignou o emprego por unidade local.
  - Datos dende o ano 2014 (incorpora o sector primario e a administración pública)

Os datos dende o ano 2014 estrutúranse en tres apartados coa seguinte información:

*1. Estructura empresarial.*

Inclúe as seguintes táboas desagregadas ata o nivel municipal:

- Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal e titularidade da empresa
- Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal e estrato de asalariados
- Empresas segundo estrato de asalariados (máis desagregado neste caso)

*2. Demografía empresarial:*

- Altas, baixas e permanencias segundo a sede social (desagregación municipal)
- Altas, baixas e permanencias por actividade

*3. Unidades locais (desagregación municipal, non inclúe o sector primario nin a administración pública)*

- Unidades locais en Galicia segundo actividade principal (seccións da CNAE-09) e o estrato de asalariados
- Unidades locais segundo actividade principal (divisións da CNAE-09)

## **ANEXO**

### **Fontes administrativas:**

- Contas de cotización e afiliacións á Seguridade Social
- Explotación do Boletín oficial do Rexistro Mercantil
- Apertura de centros de traballo
- Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios
- Rexistro sanitario de empresas alimentarias e alimentos
- Rexistro de empresas do sector forestal de Galicia
- Rexistro de explotacións agrarias de Galicia
- Rexistro de explotación agrarias prioritarias
- Rexistro de empresas do sector forestal
- Rexistro de explotacións de bovino
- Rexistro de buques pesqueiros de Galicia
- Rexistro de permisos de marisqueo a pé
- Rexistro de establecementos de acuicultura de Galicia
- Rexistro de empresas de seguridade industrial
- Rexistro de entidades de formación no ámbito da seguridade industrial
- Rexistro de talleres de reparación de vehículos
- Rexistro de empresas de fontanería
- Rexistro de entidades deportivas de Galicia
- Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais
- Rexistro de empresas e actividades turísticas (REAT)
- Listado de oficinas bancarias do Banco de España
- Listado de centrais eléctricas
- Listado de locais do SERGAS (Servicio Galego de Saúde)
- Listado de centros educativos dependentes da Xunta de Galicia

### **Fontes estatísticas:**

#### **IGE**

- Enquisa a empresas multilocalizadas
- Enquisa a entidades prestadoras de servizos sociais

- Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas, grao de utilización da capacidade produtiva e indicador de sentimento do sector servizos de Galicia
- Enquisa sectorial ás empresas e ás institucións sen fins de lucro
- Enquisas propias do IGE para a elaboración das Contas económicas de Galicia, as Contas satélites e o Marco Input-Output
- Enquisas propias do Directorio para depurar certas ramas de actividade

#### INE

- Directorio central de empresas (DIRCE)
- Estadística estrutural de empresas: sector comercio
- Estadística estrutural de empresas: sector industrial
- Estadística estrutural de empresas: sector servizos
- Encuesta industrial anual de productos
- Encuesta sobre el uso de las tecnologías de la información y las comunicaciones y el comercio electrónico en las empresas (ETICCE)

#### OUTRAS FONTES EXTERNAS

- Enquisa ao sector TIC de Galicia
- Estadística minera
- Encuesta de la estructura de la construcción